

## **VIII Xornadas de Conservación e Estudo do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia**

Mércores 13 de decembro de 2023

Parque Nacional das Illas Atlánticas, Rúa Oliva 3, 36202 Vigo

Inscripcións ata o 5 de decembro ou ata completar aforo no formulario:

<https://forms.gle/q1FF2xns9wECDJ4p7>

Máis información:

[iatlanticas@xunta.gal](mailto:iatlanticas@xunta.gal) / 886 218 090

Entre os obxectivos cos que se declara un parque nacional atópanse protexer e recuperar os seus valores e fomentar o seu coñecemento. No caso do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, estase a levar a cabo un importante esforzo neste sentido. Este esforzo debe ir asociado coa difusión dos resultados obtidos e a transmisión do coñecemento dirixida ás persoas con relación profesional e vocacional co medio ambiente, e tamén ao público en xeral.

Nesta oitava edición, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a través do Parque Nacional, leva a cabo unhas xornadas para difundir o resultado das actuacións e proxectos dirixidos a conservar este espazo. Nelas abórdanse dous bloques temáticos, un sobre a restauración de habitats ocupados por flora invasora e outro sobre a conservación do medio mariño. Trátanse ademais temas relacionados coa arqueoloxía e a contaminación luminosa.

### **PROGRAMA DAS XORNADAS**

9:00 Recepción e entrega da documentación

9:30 Presentación das Xornadas. José Antonio Fernández Bouzas, Director do Parque Nacional e María Belén do Campo Piñeiro, Directora Xeral de Patrimonio Natural

10:00 Intervención, diagnose e difusión do patrimonio cultural no Parque Nacional das Illas Atlánticas, Adolfo Fernández Fernández, Universidade de Vigo

10:30 O seguimento dos valores naturais a longo prazo na rede de parques nacionais. Jorge Bonache López, Organismo Autónomo Parques Nacionales - MITECO

11:00 Descanso

11:30 A contaminación luminosa na contorna do Parque Nacional das Illas Atlánticas, Salvador Bará Viñas, Investigador independente

### **Bloque 1: CONSERVACIÓN E ESTUDO DO MEDIO MARIÑO**

**Moderadora: Montserrat Martínez Morán, Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia**

12:00 Seguimento a longo prazo da presenza de contaminantes orgánicos persistentes no medio natural: a gaivota patiamarela como bioindicador. Bernat Oró Nolla, IDAEA - CSIC

12:30 Situación actual do síndrome parético da gaivota patiamarela no Parque Nacional. Vicente Piorno, Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia

13:00 A conservación dos mamíferos e tartarugas mariñas na contorna do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Uxía Vázquez Álvarez, CEMMA

13:30 Seguimento de especies exóticas no medio mariño do arquipélago de Sálvora. Representante do Grupo de Estudo do Medio Mariño

14:00 Pausa para comida

### **Bloque 2: A RECUPERACIÓN DE HÁBITATS OCUPADOS POR FLORA INVASORA**

**Moderadora: Emilia Castro Villaverde, Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia**

16:00 Historia da vexetación das Illas Atlánticas, Hugo López Castro, IBADER Universidade de Santiago de Compostela

16:30 Actuacións de eliminación da vexetación invasora e rexeneración de hábitats no marco do proxecto LIFE INSULAR. Susana Marcos e Javier Cuenca, TRAGSA

17:00 Facilitación dos procesos de dispersión de sementes para a recuperación de hábitats de interese para a conservación no Parque Nacional das Illas Atlánticas. Asier Rodríguez Larrinaga, ENEBADA

17:30 Presentación do vídeo “Eliminando invasoras, recuperando a biodiversidade” Marian Mariño e Manuel Pedrosa, Produtora Ibis.

18:00 O papel das entidades de integración social na conservación da natureza. Xoan España Vidal, Grupo AMICOS e Ignacio Rey Mato, Asociación BATA